

Por: Laureano Mayán Taboada

Desde que comezou a publicarse esta Revista, vin colaborando con algún que outro artigo no que o contido baseábase, principalmente, en dar a coñecer os fins polos que esta Asociación foi creada.

Nunha ocasión foi a presentación do grupo e da revista. Noutra, un acróstico tamén sobre o grupo. Outro traballo chamado "O noso caixón do correo" e outro, entre verdadeiro e broma, chamado "Algo desta historia é certa". En fin, como Presidente, algúns traballíños de colaboración.

Nembargantes, esta vez, voulles a contar unha pequena historia que poden crela porque é certa.

Atopábame un día ollando para unha Illa ( moi próxima a nosa ría ) e foime o pensamento para ONS. De repente unha gran cantidade de verbas, con certo sentido poético, comezaron a xuntarse na miña mente.

Para non esquecerme delas, collín boli e papel e funas escribindo.

### Ti es, Ons, un Sentimento

Ons, chámante hoxe.  
Outros nomes tiveches, tamén.  
AUNIOS, ONIÓNS, DONIOS, DONS...  
¿Tantos? Eu que sei...

Lembro a miña nenez  
e os amoriños primeiros.  
Lembro as terras traballar  
e no mar os mariñeiros.

Aire e sol batan con forza.  
Terra quente, auga fría.  
Paraíso é a Illa que protexe  
o pai da Virxe María.

Aínda que non estea en ti,  
recuncho que me veu nacer,  
mar afora, terra dentro,  
nunca te hei de esquecer.

Con só pensar en ti  
xa pudo morrer contento.  
Ti es más ca unha Illa.  
Ti es, ONS, un sentimento.

Ó meu entender funlle dando forma e acabei facendo uns versos.

Non teño idea sobre a poesía, ou polo menos compoñela, e por iso que pido perdón, con toda a miña humildade, a aquelas persoas que con coñecemento sobre o tema, se decaten dos erros que, a bo seguro, teño.

Pero o que tamén me poden crer, porque é certo, é que transmito nestas verbas o meu sentimento pola Illa de ONS. Saíume todo do corazón.

E como esto non é o meu, con que houbera, soamente, unha persoa a quen lle gustara, sentiríame, xa, satisfeito.

Velaí van estas verbas, pois, que adico con toda miña alma a esa fermosa ILLA de ONS e a os illáns.


### **Lembrando a Ons**

Emerxiches ILLA de ONS,  
como perla, do fondo do mar.  
Es a ledicia dos meus ollos,  
es miña rima, meu cantar.

Si lembrarte é un soño.  
Si mirarte me fai feliz.  
Miña terra, Illa miña,  
¡Namorado estou de ti!

Que sinxelas as túas xentes  
ONS ¡amor dos meus amores!  
Que beleza a das túas augas,  
teus mencerces, teus solpores.

Terra, mar, aire,  
alma e corazón son teus.  
Miña terra, Illa miña  
¡Que acerto tivo Deus!



Enseada de Caniveliñas Ons



EN TEMPORADA:  
Caza  
Lamprea  
Angulas

AMPLIA CARTA

Restaurante

# Casa Dora

José del Río, 6 - Teléf.: 986 881 383 - MARÍN

